

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de novembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día nove de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2064).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 26 de outubro e extraordinaria e urxente do 30 de outubro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(2065).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA S. FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” ANO 2017. EXPTE. 140984/301.

Visto o informe xurídico do 9/10/17, e o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

II.- Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para o desenvolvemento do proxecto: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2017».

III.- O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor

da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal (aplicación nº 2310.480.00.05) polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención articúlase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

V.- Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

VI. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de

fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a Concellería de Política Social e a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), CIF nº G-36613891, para a execución do proxecto: «XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2017» .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 8.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.05 – *Convenio Asociación San Francisco* do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA S. FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANO 2017».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2017

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Eladio Fernández Pérez, con DNI nº 34.242.673-C, Presidente da “Asociación Galega S. Francisco (AGASFRA)”, CIF nº G-36613891, con enderezo para os efectos de notificación na rúa de Cangas nº 14 de Vigo (CP 36209).

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Eladio Fernández Pérez, actuando en representación da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, AGASFRA leva a cabo diversas actividades e obradoiros, como os que son obxecto deste convenio, que ten como obxectivo promover ás persoas con discapacidade intelectual e integrar ós/ás profesionais e ás familias nunha intercomunicación de acción conxunta que permita mellorar a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal e social.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por discapacidades de tipo psíquico e sensorial que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os

servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2017, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Asociación Galega San Francisco" (AGASFRA) para a execución do proxecto: "XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO" - ANO 2017».

SEGUNDA.- Para estes efectos, AGASFRA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento dos obradoiros de autonomía persoal e de estimulación e lecer previstos na Memoria da actividade, que se desenvolverán durante todo o ano 2017 de acordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan no Exp. nº 140984/301.

TERCEIRA.- AGASFRA comprométese tamén a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AGASFRA unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 8.000 € (OITO MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus orzamentos (aplicación nº 2310.480.00.05 – Convenio Asociación San Francisco.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus

propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- *O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2017).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 15 de novembro de 2017, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:*

1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
 - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.*

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e

Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun ano (2017).

DÉCIMO QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente.

DÉCIMO SEXTA.- O Convenio extinguirse, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes de AGASFRA e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

3(2066).- DAR CONTA DAS NORMAS PARA AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO 2017. EXPTE. 50/142.

Dáse conta da instrución de data 25/10/17, asinada polo tesoureiro e responsable superior contable e orzamentario, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2017 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións aos efectos de garantir que os procedementos de tramitación e procesos de contabilización se fagan tendo en conta o principio contable de devengo.

A Resolución de 21 de decembro de 2016, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Cuentas, en relación ao informe de fiscalización sobre os gastos executados polas Entidades Locais sin crédito presupostario (BOE nº 72 de 25 de marzo de 2017), fai referencia a necesidade dunhas normas de peche.

O Alto Tribunal recomenda e instaba ao goberno, á incorporación dunha regulación e desenvolvemento do contido do artigo 26.2 e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, (RP). O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, publicado no BOE nº 113 de 12 de maio de 2017, que entrará en vigor o 1 de xullo de 2018, regula a tramitación de gastos con omisión de fiscalización. A Base 28ª das de Execución do Orzamento para o ano 2018, regula a indemnización substitutiva de gastos e recoñecemento extraxudicial de créditos, reflectindo na mesma o contido do precitado artigo 28 do RD 424/2017.

Insta igualmente, a adoptar unha instrución de peche do exercicio, coa finalidade de normalizar e planificar a data límite para propor o inicio de procedementos de gasto, para aplicar unha factura ao orzamento en curso, así como a aplicación dos gastos ao exercicio que se pecha. Tamén require que se especifique o tratamento que se da a un gasto do ano cuxa factura entra no ano seguinte.

Por último, tamén é necesario adoptar medidas conducentes a imputación e contabilización de todas as obrigas ao orzamento que se pecha.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Alto Tribunal, esta Entidade dende hai máis de 10 anos, está aprobando unhas normas de peche, que ademais teñen regulación nas propias Bases de Execución do Orzamento (DA SEXTA).

Para conseguir os obxectivos de transparencia e cumprimento da LOEPSF, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Tamén se estaría a incumprir con Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, esta última en relación co artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2017, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 28 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen

obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FAcE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2017.

Sendo o prazo límite deste tipo de procedementos o do 28 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2017.

Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 29 de decembro. As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Se non se remitise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo telematicamente.

De non facer a remisión, no será posible rexistrar a fase contable preceptiva e expedir o documento, en consecuencia, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2017, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2018, non se poderá ser obxecto de rexistro contable con data 2017.

Fondos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 27 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 29 de decembro, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido este incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calquera que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o 29 de decembro.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención, deberán renderse dentro do ano para facer o ingreso na Axencia Estatal Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

Tramitación de Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria “O” ou “ADO”, recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente ata o día 29 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos ou na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2017. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2017.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2017, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2018. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 29 de decembro.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A), Verificada de conformidade (V), polo que a data 29 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de

Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbese incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2017, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende o seu rexistro), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar á unidade de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables dos servizos, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 29 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados.

Xustificantes e rendición de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 14 de decembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O xefe do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe na que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe pola documentación aceptada como gasto elixible.

Todas as subvencións outorgadas no ano que non fosen xustificadas dentro do ano, perderán o dereito sobre as mesmas, situación que xa está regulamentada nas Bases de Execución do Orzamento (Base 38ª).

Indemnizacións substitutivas

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 4 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, antes do 29 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que esta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2018.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos regulados na Base 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrución 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2017 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que habería documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos legais de pago.

Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 11 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2018. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

En relación coas Ordes e pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pago por devolución de ingresos indebidos con data límite do 22 de decembro e Tesourería facer o pagamento dentro do ano 2017. De non cumprir coas datas, os expedientes de devolución de ingresos, tanto por ingresos indebidos como duplicados ou excesivos, a súa ordenación de pago deberá facerse no ano 2018.

Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a contabilización da baixa con data límite 18 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2017, deberán ser remitidos, con data límite 11 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 18 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 18 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2018. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en GTWIN correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 18 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre os sistema SICAP e GTWIN, que xerará unha tarefa en GTWIN de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Para garantir que os servizos implicados rexistran as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.

Rexistro e contabilización de dereitos

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que estea garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

En relación cos cargos relativos ás modificacións orzamentarias que xurdan por xeración de créditos nos estados de gastos, estarase ao previsto no expediente 36/143, "NORMAS CONTABLES DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO GASTO QUE TEÑA FINANCIAMENTO AFECTADO, CALQUERA QUE SEXA O COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO."

Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO

Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con data límite 11 de decembro. Os restantes expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente que non se remitan nos prazos referenciados, serán obxecto de tramitación no ano 2018 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2018.

Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos

Aos efectos de reservar a última semana do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con data límite do 15 de decembro, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con data límite do 29 de decembro.

Aplicación da Recadación

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda e Función Pública, este operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e axustes técnicos para que todos os ingresos do ano 2017, calquera que sexa a súa cualificación, estean aplicados dentro dos primeiros 12 días do ano 2018, data límite.

Contabilización de Facturas

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (29 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINHFP correspondente ao catro trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos primeiros 12 días do ano 2018, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo.

Anulación de créditos no estado de gastos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2017, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2018 se non se executaron no transcurso do ano 2017.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2017, teñen que ao menos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2018.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2018. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2017.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopan os créditos.

Excepcións:

Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2018 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2017. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.

Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado, para a incorporación dos créditos, cando estes teñan a cualificación de afectados.

De igual xeito, esta condición tamén afecta aos proxectos financiados co superávit do ano 2016, que se atopen ao peche do exercicio en fase Autorización (A) ou de compromiso de gasto (D).

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes.

Pagamentos

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 216 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e o contido do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción.

De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura foi presentarse na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar á unidade de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

Operacións rexistradas en formalización

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a 29 de decembro, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.

En canto aos pagos agrupados, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2017, non procede facer este rexistro, e o mesmo farase con cargo ao ano 2018.

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada no, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá ata o 30 de decembro para regularizar os saldos.

Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

O O.A XMU, terán aplicado a totalidade dos ingresos recadados.

Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao MINHFP dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data

límite do 12 de xaneiro 2018 para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2017. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.

A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, esta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Tendo en conta a modificación da Lei 34/2014, de 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, establecendo a entrada en vigor do novo Sistema de Liquidación Directa, cabe a posibilidade de ter a liquidación con anterioridade á data do 12 de xaneiro de 2018.

Anticipos feitos ao persoal

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2015.

Para aqueles supostos de anticipos que están pendentes de reintegro, iniciárase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.

Notificación

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(2067).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “III EDICIÓN ÉRGUETE E CORRE”, O DOMINGO 12 DE NOVEMBRO DE 2017. EXPTE. 16394/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/11/17, asinado polo director deportivo-xefe da Ud. técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Asociación Érguete, con CIF (G-36642726), solicitou o día 28-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170061436), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III EDICIÓN ÉRGUETE E CORRE
- Data: 12 de novembro de 2017
- Horario: 10.00h a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 12 de novembro de 2017**, a proba comenará ás 10.00h e terá a súa saída dende o Paseo de Alfonso, Pi y Margall, Tomás Alonso, Paz, Jacinto Benavente, Beiramar, Berbés, Cánovas del Castillo, García Olloquí, Plaza de Compostela, Areal, Inés Pérez de Ceta, Rosalía de Castro, Colón, Policarpo Sanz, para rematar en Elduayen.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Érguete, con CIF (G-36642726), a organizar o vindeiro **domingo 12 de novembro de 2017**, o evento deportivo denominado **III EDICIÓN ÉRGUETE E CORRE**, a proba terá a súa saída ás 10.00h e rematará ás 13.30h, e percorrerá polas seguintes rúas: saída dende o Paseo de Alfonso, para seguir por Pi y Margall, Tomás Alonso, Paz, Jacinto Benavente, Beiramar, Berbés, Cánovas del

Castillo, García Olloquí, Plaza de Compostela, Areal, Inés Pérez de Ceta, Rosalía de Castro, Colón, Policarpo Sanz, para rematar en Elduayen.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(2068).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”. EXPTE. 14400/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/10/17 e o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 7 de setembro de 2017, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, acordou iniciar o expediente de contratación da **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”**

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

3. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de participación e atención cidadá o 6 de setembro de 2017.
4. Orde de inicio de 7 de setembro de 2017 do Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 6 de outubro de 2017, que modifica o de data 15/09/2017 asinado polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 10 de outubro de 2017, asinado o polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, co Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que modifica as de data 15/09/2017 e 06/10/2017.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de Admon.Xeral do servizo de Contratación, de data 18 de outubro de 2017.
8. Prego de cláusulas administrativas de data 20 de outubro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral e a conformidade da xefa do servizo de Contratación.
9. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 20 de outubro de 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en resolución de 7 de setembro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto e urgente. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 20 de outubro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (14400/77) por procedemento aberto da **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”**

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 6 de outubro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 20 de outubro de 2017 que rexirán a contratación do **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”**

3º.- Aproba-lo gasto de 669.738,00 €, desglosado nos lotes que deseguido se relacionan para a contratación do servizo formación para a inserción laboral, con cargo á partida 2410 2279918 “FORMACIÓN PROXECTO ‘Vigo polo emprego da mocidade’” do presuposto correspondente ao ano 2018:

LOTE	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA	NIVEL	Número de Edicións	IMPORTE EDICIÓN	IMPORTE TOTAL EDICIÓN
1	ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas	3	2	47.580,00 €	95.160,00 €
2	IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web	2	3	61.488,00 €	184.464,00 €
3	HOTR0108 – Operacións básicas de cocina	1	3	29.137,50 €	87.412,50 €
4	HOTR0208- Operacións básicas de restaurante e bar	1	3	24.142,50 €	72.427,50 €
5	FCOV05 - Comunicación en linguas extranxeiras (inglés) FCOO02 - Sensibilización na igualdade de oportunidades	2	11	17.064,00 €	187.704,00 €
6	FCOI02 - Alfabetización informática: informática e internet	2	11	1.500,00 €	16.500,00 €
7		2	11	2.370,00 €	26.070,00 €
TOTAL			44		669.738,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(2069).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO. EXPTE. 13809/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 13 de xullo de 2017, aprobouse a “Convocatoria e a bases reguladoras das **“SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO”**”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 138, do 19 de xullo de 2017 e o extracto da convocatoria remitidos pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 143 de data 27/07/2017 e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org),

promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (28/07/2017 ao 10/08/2016), da que resultou a presentación das seguintes corenta e catro (44) solicitudes seguintes:

	Nº Expd- te.	NOME ENTIDADE	NIF		Nº Ex- pdte.	NOME ENTIDADE	NIF
1	14316	MOVEMENT STUDIO SER. DEPO. SL	B27834597	23	14344	NADIA MARIA MEDIERO MAYAN	53179679E
2	14317	O CABLE INGLES S. COOP. GALEGA	F27768563	24	14345	IAGO ARAUJO MOLINA	36160710H
3	14319	A TROITA DE PE, DESEÑO E COMUNI- CACION C.B	E27833755	25	14350	MENSULA ITC, SL	B32253189
4	14320	DOSVALOR GH SL	B36766483	26	14351	FABSPACE S. COOP. GALEGA	F27843069
5	14321	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	27	14352	AVANSUM SL	B27832120
6	14322	ANDRES TERRAZA PEREZ	54337582J	28	14353	YNEEDS YOUR INTELLIGENT IMAGES COMPANY S.	B70415062
7	14323	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	36141320V	29	14354	YOLANDA SANJORGE PAZOS	52495122Z
8	14324	XABIER FERREIRO PRADO	36093070K	30	14355	JAVIER PEGO MARTINEZ	35451949W
9	14325	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	31	14356	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A
10	14326	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREA- TIVAS SL	B27803600	32	14357	MITRUCHITA & CO, CB	E27808450
11	14327	EVA AGUILERA CHOUZA	36073141X	33	14358	ANA CAROLINA DOMINGUEZ ARETA MANUEL ANTONIO RODRIGUEZ SUA- REZ	53177972V
12	14328	IVAN MAYANS PLEITE	11847248V	34	14359		36171810D
13	14329	MARIA DOLORES CASAS MARIÑO	77408481A	35	14360	ACTIVA GESTION, CB	E27824044
14	14330	XABIER CRESPO ALVAREZ	35575550R	36	14361	MODA DELADOSALADOCE SRLL	B27842731
15	14336	ADENDA CONSULTORIA JURIDICA SL	B27836139	37	14362	IADN INNOVATION SL	B27839356
16	14337	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	36058487F	38	14363	CRISTINA SOBRINI ESCRIBANO REPARACIONES Y SUM. INFOR. AÑO- VER SL	36117997Q
17	14338	PATRICIA BUJAN OTERO	76871888T	39	14364		B45785292
18	14339	RUBEN RODRIGUEZ ALONSO	36166213R	40	14365	RAQUEL FERNANDEZ ALONSO	53173150W
19	14340	LUIS DOMINGUEZ FERNANDEZ	36117368P	41	14366	HECTOR ARIETTO GARCIA	39452663G
20	14341	NEW NUTRITION S.L.U	B27835909	42	14367	EMOTIVE NEUROMARKETING TECH- NOLOGIES SL	B27836188
21	14342	JAIME REBOLLO MUÑIZ	32791234L	43	14368	BARGIELA & FRANCES ABOGADOS C.D.	E27846500
22	14343	FOORYOU CONSULTING SL	B27822642	44	14377	CONECTOR GALICIA SL	B27838242

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante o emprendemento en entornos colaborativos establecen unha financiación da mesma por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2017) de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que o traballador autónomo ou micropeme solicitante cumpra con todos os requisitos esixidos nas bases, o 80% dos custes de aluguer de espazos de traballo e para eventos puntuais, cun máximo de 1.500,00€.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 09/08/2017, conforme ao establecido na cláusula décimo primeira, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo primeira, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe servizo
	Suplente	Elisa Casal Prieto	Técnica de emprego

Vogal 2	Titular	Ana M ^a Mouriz Martínez	Coordinadora
	Suplente	Sonia Rodríguez Ricart	Técnica Xestión Económica

A Comisión de valoración en xuntanza de data 02/10/2017, conforme á información que consta no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas, agás as desestimadas por non cumprir as bases da convocatoria ou non subsanar a documentación presentada, procedendo a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes a que se achega xunto co expediente, e que de xeito resumido acordou o seguinte:

1.- Desestimar as seguintes solicitudes e polos motivos que se expoñen:

Conforme ás revisións realizadas e á posterior valoración da documentación presentada propónse excluír ás seguintes solicitudes, polas causas que se indican a continuación:

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	MOTIVOS DE EXCLUSIÓN
14340	LUIS DOMINGUEZ FERNANDEZ	36117368P	4
14350	MENSULA ITC, SL	B32253189	1
14356	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A	2
14363	CRISTINA SOBRINI ESCRIBANO	36117997Q	3
14365	RAQUEL FERNANDEZ ALONSO	53173150W	4
14377	CONECTOR GALICIA SL	B27838242	5

2.- Avaliación das solicitudes:

Conforme aos criterios establecidos na base décima obtéñense as valoracións que a continuación se amosan na táboa.

No caso de empresas e persoas autónomas que declaren non ter persoas contratadas, supónse que a empresa a compón 1 persoa traballadora (xa que senón a empresa non

1	Non ten os seus enderezos fiscal e social no termo municipal De Vigo
2	Non xustificación da subvención outorgada no ano 2016 E a súa revogación
3	Non está en situación de alta no IAE o/a empresario/a individual que solicita a axuda
4	Non se trata de aluguer de espazos en entornas colaborativas
5	Non subsanou adecuadamente a documentación requirida.

funcionaría) e adóptase o criterio de supoñer unha soa persoa traballadora na mesma (empresa ou autónomo), que corresponde coa persoa solicitante (xa que actúa en representación da mesma), e como teñen que presentar o seu DNI, utilízase este para saber se é menor de 30 anos ou non.

No expediente de cada solicitante achégase a súa correspondente ficha de baremo, obténdose a seguinte táboa de puntuacións:

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	BAREMACIÓN (Total)
14316	MOVEMENT STUDIO SER. DEPO. SL	B27834597	7
14317	O CABLE INGLES S. COOP. GALEGA	F27768563	6
14319	A TROITA DE PE, DISEÑO E COMUNICACION C.B	E27833755	9
14320	DOSVALOR GH SL	B36766483	11
14321	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	17
14322	ANDRES TERRAZA PEREZ	54337582J	4
14323	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	36141320V	7
14324	XABIER FERREIRO PRADO	36093070K	4
14325	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	14
14326	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	B27803600	6
14327	EVA AGUILERA CHOUZA	36073141X	7
14328	IVAN MAYANS PLEITE	11847248V	4
14329	MARIA DOLORES CASAS MARIÑO	77408481A	9
14330	XABIER CRESPO ALVAREZ	35575550R	11
14336	ADENDA CONSULTORIA JURIDICA SL	B27836139	4
14337	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	36058487F	4
14338	PATRICIA BUJAN OTERO	76871888T	9
14339	RUBEN RODRIGUEZ ALONSO	36166213R	4
14341	NEW NUTRITION S.L.U	B27835909	4
14342	JAIME REBOLLO MUÑIZ	32791234L	7
14343	FOORYOU CONSULTING SL	B27822642	6
14344	NADIA MARIA MEDIERO MAYAN	53179679E	9
14345	IAGO ARAUJO MOLINA	36160710H	7
14351	FABSPACE S. COOP. GALEGA	F27843069	8
14352	AVANSUM SL	B27832120	4
14353	YNEEDS YOUR INTELLIGENT IMAGES COMPANY S.	B70415062	4
14354	YOLANDA SANJORGE PAZOS	52495122Z	12
14355	JAVIER PEGO MARTINEZ	35451949W	9
14357	MI TRUCHITA & CO, CB	E27808450	4
14358	ANA CAROLINA DOMINGUEZ ARETA	53177972V	10
14359	MANUEL ANTONIO RODRIGUEZ SUAREZ	36171810D	4
14360	ACTIVA GESTION, CB	E27824044	5
14361	MODA DELADOSALADOCE SRLL	B27842731	7
14362	IADN INNOVATION SL	B27839356	4
14364	REPARACIONES Y SUM. INFOR. AÑOVER SL	B45785292	9
14366	HECTOR ARIETTO GARCIA	39452663G	4
14367	EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	4
14368	BARGIELA & FRANCES ABOGADOS C.D.	E27846500	8

—
3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

Para facer a asignación económica a cada solicitude procedeuse da seguinte forma:

- Primeiramente súmase o total de puntos de todas as solicitudes. Ao dividir o crédito para esta convocatoria (35.000€) entre o valor total acadado dos puntos, obtense o valor económico do punto.
- Tendo xa o valor económico do punto, procédese á multiplicación deste valor económico do punto polos puntos obtidos na baremación de cada unha das entidades.
- Unha vez realizada a operación anterior, podémonos atopar con dúas situacións: unha que o valor acadado sexa inferior á cantidade solicitada pola entidade e a outra que fose superior; no primeiro caso a cantidade inicial que se lle concede é a obtida nesa multiplicación, mentres que no segundo caso, é directamente a cantidade solicitada pola entidade a que se lle concede.
- Cando polo menos unha entidade alcanza valores na segundo caso antes indicado, significa que sobra algo do diñeiro asignado.
- Ao darse o caso que se acaba de mencionar, divídese o resto de diñeiro que queda por asignar entre a suma dos puntos correspondentes ás empresas que non alcanzaron o valor da cantidade solicitada.
- O acontecido nesta convocatoria é que despois do primeiro axuste antes descrito, foi necesario realizar outros tres axustes, ata que se repartíu todo o diñeiro asignado nesta convocatoria (os 35.000€).

4.- Modificación do prazo de xustificación da subvención outorgada.

De acordo coa Base 12ª, "A beneficiaria antes do 01/11/2017 ou no prazo de un (1) mes a contar dende o remate do aluguer, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos." Tendo en conta nas datas nas que nos atopamos, se lles sumamos o prazo no que a XGL emita resolución destas subvencións (tras o paso deste expediente por Intervención e dos de todos os solicitantes admitidos) e a comunicación da mesma ás beneficiarias, atopámonos con que é imposible con que éstas cumpran co prazo estipulado nesta Base 12ª para a xustificación da subvención; polo tanto, é necesario modificar este prazo de xeito que as beneficiarias dispoñan de dez (10) días hábiles para a xustificación a contar dende o día seguinte ao da comunicación da resolución por correo electrónico.

ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Á vista do exposto, de conformidade coa base décimo primeira.8 da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 127.g) da LMMGL, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	MOTIVOS DE EXCLUSIÓN
14340	LUIS DOMINGUEZ FERNANDEZ	36117368P	4
14350	MENSULA ITC, SL	B32253189	1
14356	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A	2
14363	CRISTINA SOBRINI ESCRIBANO	36117997Q	3
14365	RAQUEL FERNANDEZ ALONSO	53173150W	4
14377	CONECTOR GALICIA SL	B27838242	5

1	Non ten os seus enderezos fiscal e social no termo municipal De Vigo
2	Non xustificación da subvención outorgada no ano 2016 E a súa revogación
3	Non está en situación de alta no IAE o/a empresario/a individual que solicita a axuda
4	Non se trata de aluguer de espazos en entornas colaborativas
5	Non subsanou adecuadamente a documentación requirida.

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" do vixente exercicio presupostario, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros):

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
14316	MOVEMENT STUDIO SER. DEPO. SL	1.399,21 €
14317	O CABLE INGLES S. COOP. GALEGA	1.199,32 €

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
14319	A TROITA DE PE, DISEÑO E COMUNICACION C.B	1.500,00 €
14320	DOSVALOR GH SL	1.500,00 €
14321	REAL ESTATE SERVICING SL	1.500,00 €
14322	ANDRES TERRAZA PEREZ	435,60 €
14323	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	1.399,21 €
14324	XABIER FERREIRO PRADO	799,55 €
14325	MICATON ERGONOMICS SL	1.500,00 €
14326	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	1.199,32 €
14327	EVA AGUILERA CHOUZA	660,00 €
14328	IVAN MAYANS PLEITE	799,55 €
14329	MARIA DOLORES CASAS MARIÑO	1.132,50 €
14330	XABIER CRESPO ALVAREZ	1.306,80 €
14336	ADENDA CONSULTORIA JURIDICA SL	708,03 €
14337	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	799,55 €
14338	PATRICIA BUJAN OTERO	1.016,00 €
14339	RUBEN RODRIGUEZ ALONSO	504,00 €
14341	NEW NUTRITION S.L.U	550,80 €
14342	JAIME REBOLLO MUÑIZ	112,00 €
14343	FOORYOU CONSULTING SL	322,78 €
14344	NADIA MARIA MEDIERO MAYAN	936,00 €
14345	IAGO ARAUJO MOLINA	881,28 €
14351	FABSPACE S. COOP. GALEGA	1.240,00 €
14352	AVANSUM SL	799,55 €
14353	YNEEDS YOUR INTELLIGENT IMAGES COMPANY S.	799,55 €
14354	YOLANDA SANJORGE PAZOS	277,80 €
14355	JAVIER PEGO MARTINEZ	684,00 €
14357	MI TRUCHITA & CO, CB	799,55 €
14358	ANA CAROLINA DOMINGUEZ ARETA	112,00 €
14359	MANUEL ANTONIO RODRIGUEZ SUAREZ	799,55 €
14360	ACTIVA GESTION, CB	999,43 €
14361	MODA DELADOSALADOCE SRLL	960,00 €
14362	IADN INNOVATION SL	799,55 €
14364	REPARACIONES Y SUM. INFOR. AÑOVER SL	1.500,00 €
14366	HECTOR ARIETTO GARCIA	768,00 €
14367	EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES SL	799,55 €
14368	BARGIELA & FRANCES ABOGADOS C.D.	1.500,00 €

35.000,00 €

TERCEIRO: APROBAR o prazo de xustificación da subvención outorgada indicado na Base 12ª por imposibilidade de incumprimento pola data de emisión da resolución, e adoptar o seguinte novo prazo de xustificación da subvención outorgada: dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución ás beneficiarias.

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa:

De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: INFORMAR aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(2070).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 7977/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área de polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 2 de novembro de 2017 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE num. X9432248 V, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-6 , co obxecto de que a usuaria identificada con NIE num. X9432248 V e o seu fillo, a ocupen por un período de 6 meses, a contar desde o 10 de novembro de 2017 (ou data posterior fixada polo para o ingreso polo equipo municipal), transcurridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7977-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(2071).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO. EXPTE. 7991/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de setembro e outubro do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7912-224	CMSE	Coordinación, montaxe e desmontaxe exposición “Violencia sexual na xuventude”	Ana M ^a Costas Carbaljal	23112279906	28/09/17	1.089,00 €
7913-224	CMSE	Dinamización e execución dos traballos do programa “Enlaza Vigo contra a violencia de xénero”	Xermolo Dinamización Sociocultural SL	23112279906	03/10/17	20.872,50 €
7915-224	CMSE	Cursos percusión e canto tradicional do programa “Ser Muller é unha boa idea”	M ^a Elena Pérez Posda	23112260600	04/10/17	1.872,00 €
7916-224	CMSE	Cursos debuxo retrato e caricatura do programa “Ser Muller é unha boa idea”	M ^a Carmen Lamas Estévez	23112260600	04/10/17	648,00 €
7917-224	CMSE	Cursos axilidade mental e memoria do programa “Ser Muller é unha boa idea”	Mónica Calvo Serrano	23112260600	04/10/17	504,00 €
7918-224	CMSE	Cursos loga e pilates do programa “Ser Muller é unha boa idea”	M ^a Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	04/10/17	1.368,00 €
7919-224	CMSE	Cursos teatro do programa “Ser Muller é unha boa idea”	Elsa Alejandra Abreu Pérez	23112260600	04/10/17	576,00 €

7920-224	CMSE	Cursos pilates do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Susana Táboas Do-campo	23112260600	04/10/17	432,00 €
7921-224	CMSE	Cursos loga do programa "Ser Muller é unha boa idea"	CSCAR de Valladares	23112260600	04/10/17	360,00 €
7922-224	CMSE	Cursos Módulo de Igualdad de Oportunidades do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	04/10/17	432,00 €
7923-224	CMSE	Cursos memoria e autoestima do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	04/10/17	360,00 €
7959-224	CMSE	Cursos ximnasia de mantemento do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	25/10/17	864,00 €
7949-224	CMSE	Traslado alumnado dos centros de ensino aos obradoiros de prevención da violencia de xénero	Autocares Rías Baixas SL	23112279906	19/10/17	2.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(2072).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FUNCIONARIA CO NP 80658 DA REALIZACIÓN DO CURSO "LA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA Y EL REGISTRO ELECTRÓNICO" NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 102641/140.

Dáse conta do informe-proposta do 7/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización o interventor xeral municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No BOE de data 7 de xuño de 2017 publicouse a Resolución de 5 de xuño de 2017 do INAP pola que se convocan accións formativas descentralizadas no ámbito local para o ano 2017, entre as que se relaciona o Curso "La Administración Electrónica y el Registro Electrónico a celebrar en la Diputación de Pontevedra en colaboración con INAP", que se vai desenvolver os días 13 a 16 de novembro de 2017 .

O obxectivo do curso é adquirir os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para a implantación da Administración electrónica nas Entidades Locais coas obrigas establecidas na Lei 39 e 40/2015.

Con data 30 de outubro a Deputación Provincial procede a comunicar a admisión ao curso así como que as clases se impartirán desde o 13 (lunes) ao 16 (xoves) de novembro en horario de 9.00 a 14.00 h.

Á vista do acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 de delegacións competenciais nos concelleiros/as delegados/as de Área, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a autorización da asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal se a duración do curso supera tres días.

En consecuencia co anterior, **solicítase á Xunta de Goberno Local:**

Autorice a realización do **Curso “La Administración Electrónica y el Registro Electrónico a celebrar en la Diputación de Pontevedra en colaboración con INAP** á funcionaria co número de persoal 80658, que se impartirá desde o 13 (lunes) ao 16 (xoves) de novembro en horario de 9.00 a 14.00 h. ao estar as materias a tratar directamente relacionadas co seu posto de traballo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(2073).- PRÓRROGA DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO SISTEMA PROMOVIDO POLA ADMÓN. AUTONÓMICA PARA A XESTIÓN INSTITUCIONAL DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DE VIGO. EXPTE. 5372/252.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 26/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Limpeza e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. En data 28 de decembro do 2012, o Concello de Vigo, en execución do acordo da súa Xunta de Goberno, do día 21 anterior, asinou coa sociedade do sector público galego, Sociedade Galega del Medio Ambiente, un contrato para a prestación do servizo de tratamento e valorización da mistura de residuos municipais da cidade. O contrato entrou en vigor o día 1 de xaneiro do ano 2013, por un prazo de cinco anos (fin o 31 de decembro do 2017), máis un ano de prórroga adicional.
2. O prezo por tonelada de lixo tratada, IVE incluído, a partir da data de inicio dos efectos do contrato, que tivo lugar o 1 de xaneiro do ano 2013, foi de 55,91 euros.
3. Con data 31 de decembro de 2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos de Galicia, que na súa disposición adicional vixésimo primeira dispón o incremento do cánon unitario de tratamento do lixo en SOGAMA, así como a modificación das condicións de adhesión ao sistema de xestión institucional que esta empresa pública representa.

A dita disposición adicional vixésimo primeira, baixo o título «Garantía de sostenibilidade financeira do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos» establece que:

«Uno. El sistema promovido por la Administración autonómica para la gestión institucional de los residuos domésticos, gestionado de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de residuos de Galicia, por la sociedad del sector público autonómico Sociedad Gallega del Medio Ambiente, se configura como un modo de gestión colectiva de los residuos municipales cuya finalidad de interés general es la de conseguir en cooperación con las entidades locales adheridas al sistema el mejor resultado ambiental global en el tratamiento de los residuos domésticos procurando la máxima eficiencia en el uso de los recursos públicos.

El sistema deberá asegurar, mediante la valorización energética y material de los residuos domésticos y la eliminación en vertedero controlado de la fracción de dichos resi-

duos para los cuales no quepa ningún otro tratamiento contemplado por la legislación vigente, que la gestión integrada de los residuos se efectúa garantizando el cumplimiento de todos los objetivos establecidos en los correspondientes planes de residuos, con unos niveles máximos de protección ambiental, buscando un coste homogéneo y el más reducido posible para todas las entidades locales adheridas a este sistema.

Dos. *A los efectos indicados en el apartado anterior y para garantizar la sostenibilidad financiera del sistema se fija un canon unitario de tratamiento por tonelada, expresado en el artículo 29.b) de la Ley 10/2008, en la cantidad de 74,64 €/t más el impuesto sobre el valor añadido para el año 2014, de acuerdo con el plan de viabilidad presentado por la sociedad pública y en función de los costes totales que genera el tratamiento de los residuos domésticos en el marco del sistema. En posteriores ejercicios dicho canon se actualizará anualmente en el mes de enero conforme al índice de precios al consumo, publicándose la cuantía del mismo en el Diario Oficial de Galicia.*

Este canon será de aplicación a los negocios jurídicos ya suscritos por las entidades locales con la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., para la gestión de los residuos urbanos municipales una vez transcurrido el plazo de dos meses desde la entrada en vigor de la presente norma, salvo que dentro de dicho plazo las entidades locales remitieran el acuerdo adoptado por el órgano competente de la entidad local por el cual se desiste del negocio jurídico suscrito.

Tres. *Cuando por circunstancias extraordinarias de alteración de la sostenibilidad económica del sistema fuera necesario revisar la cuantía del canon unitario por tonelada de residuos domésticos para su tratamiento en el marco del sistema, el mismo será establecido por la consejería competente en materia de residuos previo informe favorable de la Consejería de Hacienda, de tal forma que no exceda de los costes totales que genere el tratamiento de los residuos domésticos en el marco del sistema.*

A estos efectos, por el órgano de administración de la Sociedad Gallega del Medio Ambiente, S.A., tras los estudios pertinentes en que se justifiquen los costes asociados a las operaciones de tratamiento y el desarrollo de una fase de consultas con la entidad asociativa más representativa de las entidades locales a fin de que pueda efectuar las alegaciones oportunas en la defensa de los intereses locales, se procederá a la aprobación de una propuesta de canon unitario y sus mecanismos objetivos de revisión, que se remitirá para su aprobación a la consejería.

La aprobación de la cuantía del canon unitario por tonelada así como su revisión se publicarán en el Diario Oficial de Galicia.

Cuatro. *La gestión, liquidación y cobro del canon unitario corresponderá a la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente las facturas correspondientes a las entidades locales, y estas deberán abonarlas en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.*

Cinco. *La adhesión al sistema de gestión institucional de residuos domésticos será voluntaria para las entidades locales en el marco de lo dispuesto en la legislación de residuos y en el Plan de gestión de residuos urbanos, y se efectuará mediante negocio jurídico administrativo, que será formalizado entre la entidad local y la Sociedad Galle-*

ga de Medio Ambiente, S.A., como gestora del sistema. La consejería competente en materia de residuos, para asegurar el funcionamiento del sistema, previa propuesta de la sociedad pública, fijará las condiciones de adhesión de las entidades locales al sistema y aprobará el modelo para la formalización de la adhesión. Después de haberse publicado las condiciones para la adhesión en el Diario Oficial de Galicia, los negocios jurídicos que en este momento estuvieran suscritos por las entidades locales con la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., para la gestión de los residuos urbanos municipales se entenderán modificados y adaptados a las condiciones aprobadas una vez que haya transcurrido el plazo de dos meses desde la indicada publicación, salvo que dentro de dicho plazo las entidades locales remitieran el acuerdo adoptado por el órgano competente de la entidad local por el cual se desiste del negocio jurídico suscrito.

Seis. *En garantía de la sostenibilidad financiera del sistema, entre las condiciones para la adhesión figurará la de un tiempo mínimo de adhesión que permita realizar las previsiones oportunas en cuanto al volumen de residuos a tratar y la de que en caso de impago de las cantidades que corresponda abonar a las entidades locales en concepto de canon unitario estas tendrán la consideración de vencidas, líquidas y exigibles a efectos de su abono con cargo a las cantidades que correspondan a cada municipio como participación en el Fondo de Cooperación Local, a instancia de la sociedad pública, mediante acuerdo de retención dictado por el órgano encargado de la gestión del Fondo de Cooperación Local de acuerdo con lo establecido en la regulación del mismo. Las cantidades retenidas serán objeto de entrega a la sociedad pública.*

Cuando el obligado al pago fuese una mancomunidad de municipios los ayuntamientos integrantes serán responsables solidarios, en la parte que corresponda según su porcentaje de participación en la correspondiente mancomunidad, de las deudas generadas al gestor institucional del sistema por el impago del canon unitario».

4. Por resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 15 de decembro de 2014, establecéronse as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos así como o modelo de documento de adhesión ao sistema (**achégase como anexo a este informe**).

A dita resolución foi publicada no D.O.G. de Galicia de 19 de decembro de 2014; data a partir da cal os negocios xurídicos que neste momento estiveran asinados polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., para a xestión dos residuos urbanos municipais entenderíanse modificados e adaptados ás condicións aprobadas unha vez que transcorra o prazo de dous meses desde a indicada publicación, salvo que dentro do dito prazo as entidades locais remitiran o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo cal se desiste do negocio xurídico asinado.

A resolución respeta o prazo de vixencia establecido nos negocios xurídicos xa suscritos polas entidades locais con SOGAMA para a xestión dos residuos urbanos municipais, que, de acordo coa disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, se modifiquen e adapten a estas condicións de adhesión, e **dispón que unha vez vencido o prazo previsto neles, estes negocios entenderanse tacitamente prorrogados por períodos de cinco anos**, salvo que, cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo de adhesión en vigor, se faga chegar á xestora do sistema o acordo a que se refire o número anterior.

5. Operada, pois, a modificación e adaptación do contrato formalizado o 28 de decembro do 2012, entre o Concello de Vigo e SOGAMA para a prestación do servizo de tratamento e valorización da mistura de residuos municipais da cidade, ao non acordar e notificar o Concello de Vigo a desistencia do mesmo no prazo legalmente fixado, o expediente foi remitido a Intervención Xeral Municipal para fiscalización, que con data 12 de marzo de 2015, informou que:

«Respéctase o prazo de vixencia establecido nos negocios xurídicos xa subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. para a xestión dos residuos urbanos municipais, que, de acordo coa disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, se modifiquen e adapten a estas condicións de adhesión. Unha vez vencido o prazo previsto neles, estes negocios entenderanse tacitamente prorrogados por períodos de cinco anos, salvo que, cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo de adhesión en vigor, se faga chegar á xestora do sistema o acordo a que se refire o número anterior.

En consecuencia, hai que concluír, que o contrato está vixente ata o remate do mesmo, 31/12/2017, ademais, que segundo o informe do Sr. Xefe do Servizo, non hai alternativa de curto prazo, polo que, se hai vontade de mudar o modelo de xestión de residuos, nun principio hai prazo ata o 31/12/2017, e de non adoptar decisión algunha, producirase unha prórroga de 5 anos, é dicir, materíase o modelo de xestión ata o 31/12/2022. A este respecto, hai que advertir, que neste caso estase a cualificar a relación contractual como un negocio xurídico, evidentemente fora do marco do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que con arranxo ao art. 23 do TRL-CSP, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Isto é, en ningún caso debe de producirse a prórroga tácita do contrato; xa que pola Administración débese comunicar, coa antelación prevista no prego de cláusulas administrativas, que o contrato finaliza en tal data e que a partir dese momento considerábase extinguido o contrato.

Neste caso, a de acordo coa disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, se non denuncia expresa cunha antelación mínima de dous meses, a prórroga é tácita.

A vista das verificacións realizada por esta Intervención, o expediente non é obxecto de fiscalización por ter operado por Lei a adhesión ao modelo de xestión e por terse publicado no DOG de data 09/01/2015 o prezo por tonelada para o ano 2015.

Polo tanto, entende este órgano fiscalizador que ten que porse en coñecemento do órgano de contratación a situación, tanto aos efectos de coñecer o custe unitario do tratamento, como a posibilidade ou non de toma de decisións en relación con remate do contrato no 31/12/2017 e de non adoptarse decisións ao respecto, a prórroga que se producirá tácitamente por outros 5 anos».

6. Por resolución do 19 de xaneiro de 2017, publicada no DOG, do 30 de xaneiro de 2017, fíxose público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable, durante o ano 2017, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal, xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), fixándoo na suma de 68,25 euros por cada tonelada, máis o incremento correspondente ao IVE.

7. Finalmente cómpre informar que o Pleno do Tribunal Constitucional, por auto do 26 de abril de 2016, inadmitiu a trámite, par falta de fundamento, a cuestión de inconstitucionalidade promovida en relación co parágrafo dous da disposición adicional vixésimo primeira, arriba transcrito, referido ao canon do sistema e a súa fixación, da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.

8. Así as cousas, habida conta do proximo remate —31 de decembro de 2017— dos efectos do contrato para a prestación do servizo de tratamento e valorización da mistura de residuos municipais da cidade, de 28 de decembro de 2012, e toda vez que a actuación municipal, nesta materia, ata a data, non tivo unha orientación distinta da de manterse adherido ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional colectiva dos residuos domésticos a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, sen que sexa posible no curto prazo o cambio de sistema, **a medio do presente informe proposta, dase conta á Xunta de Goberno Local**, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2ª.3 TRLCSP), da adaptación do dito contrato ás disposicións da devandita disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014 e ás condicións para a adhesión ao sistema, aprobadas por resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 15 de decembro de 2014 (inclúese como anexo a este informe).

9. Así mesmo procede propoñer á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo, a prórroga, nos termos da resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 15 de decembro de 2014, da adhesión do Concello de Vigo ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega do Medio Ambiente, coa estimación de custes para as anualidades correspondentes que se indican a continuación, e na aplicación orzamentaria 1622..2270016 "verquido de lixo en SOGAMA" do orzamento municipal.

10. Estimación de custes para os anos de duración da prórroga.

Datos das toneladas realmente xestionadas durante o contrato actual:

ANOS	TONELADAS XESTIONADAS
2013	108.290,58
2014	110.796,02
2015	110.283,62
2016	113.423,01
2017 (datos reais ata 30/09/2017, e estimados para o derradeiro trimestre do ano 2017)	115.366,23

Estimación de custes para a prórroga, supeñendo un incremento de prezo anual do 1,5% debido ao IPC sobre o prezo aprobado para o ano 2017 (68,25€/ton), e mantendo constantes as toneladas xestionadas do ano 2017 dado que non se preven incrementos significativos neste aspecto:

ANOS	TONELADAS XESTIONADAS	PREZO UNITARIO	IMPORTE CON IVE
------	-----------------------	----------------	-----------------

2018	115.366,23	69,27	8.791.036,51€
2019	115.366,23	70,31	8.922.902,06€
2020	115.366,23	71,37	9.056.745,59€
2021	115.366,23	72,44	9.192.596,78€
2022	115.366,23	73,52	9.330.485,73€

Polo anterior, previo informe da Intervención Xeral Municipal, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Prorrogar, nos termos da resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infra-estruturas, do 15 de decembro de 2014, a adhesión do Concello de Vigo ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega do Medio Ambiente.

2º.- Autorizar o gasto estimado para as anualidades da prórroga, imputable na aplicación orzamentaria 1622..2270016 "verquido de lixo en SOGAMA" do orzamento municipal

ANOS	TONELADAS XESTIONADAS	PREZO UNITARIO	IMPORTE CON IVE
2018	115.366,23	69,27	8.791.036,51€
2019	115.366,23	70,31	8.922.902,06€
2020	115.366,23	71,37	9.056.745,59€
2021	115.366,23	72,44	9.192.596,78€
2022	115.366,23	73,52	9.330.485,73€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(2074).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO, LABORATORIO E VIGOZOO DENDE ABRIL ATA SETEMBRO DE 2017. EXPTE. 12962/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/10/17, asinado polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.^a das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOE 14/07/2015), faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo, Laboratorio e Vigoo autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de abril ata setembro de 2017.

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE				
12695/306	Servizos	Organización e execución de accións de voluntariado medioambiental en sendeiros, en zona urbana monte de Guía, hortas urbanas e nas illas Cies	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, SL	21.646,90 €
12633/306	Servizos	Actividade "Conectando á xente coa natureza: na cidade e no campo, dende os polos ata o ecuador" para escolares para celebrar o día mundial do Medio Ambiente o vindeiro 2 de xuño de 2017	ANA M ^a COSTAS CARBAJAL	2.655,95 €
12624/306	Servizos	Organización e execución da actividade de sensibilización medioambiental para as familias no parque forestal de Beade o vindeiro 28 de maio de 2017	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, SLU,	6.655,00 €
12621/306	Servizos	Coordinación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areais de Vigo,	CARLOS VALES PORTO	16.500,00 €
12622/306	Servizos	Organización e execución do evento "iv andaina polos montes de vigo	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, SL	21.767,90 €
12615/306	Servizos	Actualización quincenal da información sobre a calidade de augas de baño das zonasabilitadas para o baño no Concello de Vigo	NOVOCONTORNO, S.L.	1.275,21 €
12616/306	Servizos	Limpeza diaria dende o 16 de xuño ao 15 de setembro de 2017 da caseta sanitaria do areal de Fortiñón	ESPASANI-VIGO, SL	3.898,62 €
12614/306	Servizos	Prestación dos servizos sanitarios con motivo da 4 ^a andaina polos montes de Vigo	ESPASANI VIGO, SL	2.357,69 €

12612/306	Servizos	Campaña publicitaria de sensibilización medioambiental nos medios de comunicación da IV andaina polos montes de Vigo	Faro de Vigo, SAU e outros medios de comunicación	16.110,36 €
12589/306	Servizos	Mantemento e Reposición Balizado Praias" para a realización dos traballos de colocación, mantemento e retirada de balizado nas praias de Vigo, para o periodo do 15 de xuño ao 15 de setembro do ano 2017	Worksub Trabajos Submarinos, SL	19.000,00 €
12560/306	Servizos	Gastos derivados do proxecto de organización e execución de visitas de divulgación de valores naturais nas Illas Cíes	Xoma Iniciativas Sociais, SL	7.744,00 €
12652/306	Subministro	Adquisición dun sistema de megafonía inalámbrica para as praias formado por un centro de control e seis estacións receptoras e de megafonía	DRM Comunicaciones, SL	21.743,70 €
12652/306	Subministro	adquisición de dúas bicicletas eléctricas para a prestación do servizo de seguridade nas praias dotadas con alforxa e portaequipaxes ríxidos	GRM 2008, SL	3.674,00 €
12613/306	Subministro	Adquisición de de 21 lonas banner, 3 vinilos, 7500 ud de polidípticos e 1500 ud de trípticos impresos e deseño da campaña da IV Andaina polos montes de Vigo	Desarrollo Gráfico Publicitario, SL	4.178,13 €

LABORATORIO MUNICIPAL

4620/313	Servizos	Mantemento de calibración anual das sondas de temperatura	Airvento, SL	2.398,20 €
4617/313	Servizos	Realización dos servizos de retirada de niños e ovos de gaviotas, pombas, dende o 21 de xuño ó 6 de agosto	Agronerga, SL	9.680,00 €
4616/313	Servizos	Certificación acreditativa do cumprimento do sistema de calidade según norma UNE EN ISO	Aenor Internacional, S.A.U	1.990,00 €
4591/313	Subministro	Libros e outras publicacións	Xenérico	900,00 €

4590/313	Servizos	Calibración e mantemento dos auto-claves (387 ELV e Autester L Dry E-75)	Airvento, SL	2.280,21 €
45916/313	Servizos	Mantemento do aprataxe e maquinaria DU-800 Espectrofotometro	Izasa Scientific, SLU	880,83 €
VIGO ZOO				
8480/612	Subministro	Productos de limpeza das instalacións	Darlins, SL	991,40 €
8484/612	Subministro	Subministro de bolboretas	David Beneitez López	5.632,55 €
8486/612	Subministro	Subministro material para Dumper	Division Recambios Herdasil, SL	1.197,17 €
8503/612	Servizo	Reparación de pinchazos en vehículos municipais	Neumáticos Berbés, SL	362,42 €
8505/612	Subministro	Diversos pastores eléctricos para recinto	Grupanor-Cercampo, SA	2.996,88 €
8506/612	Subministro	Xenérico		3.650,00 €
8507/612	Servizo	Servizo mantemento instalacións solares	Energanova S.L.	2930,89 €
8508/612	Servizos	Servizo de reforma e instalación das portas de entrada	Puertas y Automatismos Galmatic s.l	6231,5 €
8509-612	Servizos	Mantemento de aire acondicionado bolboretario	Térmicas Morrazo	726,00 €
8510/612	Servizo	Reparación de maquinaria para xardinería	Gaspar Martinez Cameselle	923,11 €
8511/612	Subministro	113 Postes tratados para reformas exteriores	Maderas Porriño, SL	1.660,73 €

8513/612	Servizo	Reparación caldeirade Lemures	Servitega, SL	98,37 €
8514/612	Subministro	Rata e coello conxelado	Xaraleira, SL	910,47 €
8515/612	Subministro	Carne de Vacun	Saint Laurent SAS	349,31 €
8516/612	Subministro	Protector Led	Acelec, SL	157,30 €
8574/612	Servizo	Socorrista para piscina	Eulen, SA	2.175,58 €
8575/612	Subministro	Madera Sapeli	Maderas Noroeste, SL	209,50 €
8578/612	Servizo	Mantemento de Piscina Vigozoo	Hidro Global, SL	1.016,40 €
8579/612	Servizo	Reparación taller de carpintería	Monte Román-Empresa Constructora, SL	1.824,17 €
8580/612	Subministro	Material Veterinario -Mirocrochip, jeringas Fx Verde, Jeringa lab Tag	Felixcan, SLU	286,77 €
8583/612	Sevizo	Transporte dun exemplar de Armadillo procedente de "Mundomar"	Courier Vigo, SL	500,00 €
8584/612	Subministro	Baterías para pastores eléctricos lemures	División Recambios Herdasil, SL	157,47 €
8586/612	Subministro	Registrador de datos USB-2 para camaras de frio	Delegaciones Reunidas-Novofri	440,79 €
8602/612	Servizo	Realización de actividade de astronomía os sábados do mes de xullo e agosto	Fundación Ceo, Ciencia e Cultura	1.400,00 €
8605/612	Subministro	Area para recheo na parte exterior instalacións orix	Silvino, SL	786,00 €

8606/612	Subministro	Pensos e forraxes para fauna	Perez Groba	15.675,60 €
8612/612	Servizos	Recollida de residuos	Xenérico	2.000,00 €
8613/612	Servizos	Mantemento do reptilario (2º trimestre)	Diego Ballesteros Peinado "Terrarium"	9.070,00 €
8614/612	Subministro	Fruta para segundo trimestre	Frutas Nieves	10.799,36 €
8623/612	Subministro	Adquisición cociña de xoguete para casiña vermella	MªJosé Casas Ramos-El pais de nunca jamas "Jugueteria"	474,98 €
8629/612	Subministro	Adquisición de coches xoguete a pedais para prestamo utilización polos nenos visitantes de vizgozo	Eurekakids - Res-tecgac, SL	1.606,79 €
8630/612	Subministro	Forno Microondas, Cocina inducción e batidora vaso cristal para cocina (Repación comida fauna VZ)	González Chantada, SL	362,15 €
8631/612	Subministro	Bascula elect. Complet para conicina	Grupanorcercampo, SA	935,41 €
8633/612	Subministro	Productos químicos mantemento piscina temporada verán 2017	Hidrogobal, SL	433,66 €
8656/612	Servizos	Realización de traballos montaxe e organización campaña de sensibilización "Cambio climático"	Ana M.ª Costas Carbajal	9.718,72 €
8664/612	Subministro	Dous avestruces femias	Quinta de Avestruces, Unipessoal Lda	968,00 €
8665/612	Servizos	Transporte de dúas avestruces procedentes de portugal	Quinta de Avestruces, Unipessoal Lda	725,03 €
8666/612	Subministro	Dos filtros de auga doce	Portugal pet-David Miguel Silveira Roca, UL	482,61 €

8669/612	Subministro	Impresora dixital de tarxetas	Carlinga, SL	1.206,49 €
8670/612	Subministro	Acumulador de ACS e material necesario para ampliación acumulador de auga para sistema solar existente na zona albergue	Energanova Soluciones, SL	2.683,42 €
8671/612	Subministro	Protector para auditorio	El corte Inglés, SA	771,38 €
8672/612	Servizos	Transporte para traslado dun exemplar femia de tigre dende Alicante a Vigozoo	Fauna y Acción, SL	2.522,00 €
8473/612	Subministro	Despeces de polo e Coello (2º trimestre)	Lago, Aves, Huevos y Caza, SA	1.952,17 €
8678/612	Subministro	Cascos Homologados para nenos para uso de xoguets	Eurekarkids-Restecgac, SL	350,48 €
8679/612	Servizos	Substitución do diferencial trifasico e monofasico	ACELEC, Instalaciones, SL	423,55 €
8743/612	Servizo	Asistencia puntual Veterinario	Veterinaria Tafi-Mirta Coronel Trionfini	3.530,00 €
8680/612	Subministro	Barriles para adaptación en zona infantil caseta xogos	Herederos de Antonio Lago Pérez, SL	169,40 €
8807/612	Subministro	Distintas especies para exotarium	David Benéitez López "Avilandia"	1.268,08 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(2075).- PROPOSTA E APROBACIÓN DO "PROXECTO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 6062/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito.-

1.- O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou Orde do 22 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte no Concello de Vigo (DOG núm. 165, do venres, 30 de agosto de 2013).

O artigo 2 da citada Orde sinala:

“Durante o prazo da declaración provisional de Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte como ENIL e como requisito imprescindible para que se produza a súa declaración definitiva como espazo natural protexido, o Concello de Vigo deberá de achegar á consellería con competencia en materia de conservación da natureza o Plan de conservación deste espazo.

O Plan de conservación que se elabore deberá ter en conta as consideracións feitas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e a Dirección Xeral de ordenación e Xestións de Recursos Mariños, recollidas na parte expositiva desta orde. Deste xeito, considerarase a normativa anteriormente referida.

No caso de que o Concello de Vigo non achegue o Plan de conservación do espazo natural Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte no prazo sinalado, teráselle por desistido da súa solicitude de declaración, producíndose desde ese momento a extinción dos efectos da declaración provisional do ENIL.”

2.- A concellería de Medio Ambiente encargou á entidade Novocontorno, S.L. a redacción do dito proxecto, que foi redactado polo biólogo desta entidade Francisco Javier García Quintero, número de Colexiado 17.124-X, e entregado en decembro de 2014.

Tralo análise polos servizos técnicos municipais do Departamento de Medio Ambiente achegouse o documento de Plan de Conservación versión 00.

3.- O documento do Plan de Conservación versión 00 remitiuse, como trámite interno, ós servizos municipais de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Limpeza, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizos Xerais, Deportes, Seguridade e Patrimonio Histórico, co obxecto de que efectuaran as observacións ou suxestións que consideren convenientes no ámbitos das súas competencias.

4.- A técnica de administración xeral, a técnica de medio ambiente e o xefe de desenvolvemento urbanístico, coa conformidade da xerente da XMU, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello, en data do 26 de marzo de 2015, emiten informe sobre a conformidade do proxecto de Plan de Conservación do ENIL ó planeamento urbanístico.

5.- O xefe do Servizo Municipal de Limpeza no seu informe de data 19 de marzo de 2015, propón a modificación de apartados no artigo 18.3. e 18.8. do Plan respecto á limpeza da zona de uso moderado e especial e, tamén, a limpeza das algas na época estival.

6.- A xefa da unidade de Patrimonio Histórico en data do 04 de abril de 2015, indica que dende o punto de vista do patrimonio histórico non existe inconveniente respecto do contido do plan.

7.- O xefe de Montes, Parques e Xardíns e o enxeñeiro de montes emiten informe en data do 28 de abril de 2015, no que indican que as zonas que actualmente conserva o servizo de

Montes, Parques e Xardíns atópanse dentro das denominadas zonas de uso especial e zona de protección condicionada e que os usos previstos en ámbalas dúas zonas non impiden o axeitado mantemento destas e non entran en contradición coas obrigas contempladas no prego que rexe o seu mantemento e conservación.

8.- Os restantes servizos municipais consultados non emitiron ningunha observación nin suxestión.

9.- Trasladadas as ditas observacións dos servizos municipais ó técnico redactor, emitiu escritos dando contestación a estas e, na súa virtude, a modificación de determinados apartados dos artigos 18.3., 18.8., 20 e 21. Achega un documento definitivo do plan de conservación do ENIL de data maio de 2015.

10.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 22/05/2015, acordou:

“Primeiro.- TOMAR COÑECEMENTO da redacción do Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte do Concello de Vigo, redactado polo biólogo da entidade Novocontorno,SL, Francisco Javier García Quinteiro, número de colexiado 17.124-X, na súa última redacción de maio de 2015, de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Remitilo referido Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte do Concello de Vigo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia: Dirección xeral de Conservación en cumprimento do establecido no artigo 2 da Orde da dita consellería de data 26 de agosto de 2013, pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte no concello de Vigo; instando a súa tramitación e aprobación así como a declaración definitiva do dito ENIL.”

11.- O referido documento foi remitido á CMATI en data 27/05/2015 (acuse recibo, 02/06/2015).

12.- O 25/05/2016, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, escrito da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da CMAOT da Xunta de Galicia (doc. 160066812), achegando informe técnico no que se identifican aspectos que deberían ser complementados cara a súa tramitación como proxecto de decreto, esixindo, tamén, compromiso formal de poñer en prácticas as medidas de conservación previstas.

En síntese, os aspectos a completar son os seguintes: necesidade de incorporar ó Plan aspectos relativos ó réxime do solo rústico de protección de espazos naturais, solo rústico de protección de constas, Plan de ordenación do litoral de Galicia e integrar consideracións apuntadas pola D.X. de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños no referido proceso declaración sobre a xestión e produción de moluscos e invertebrados mariños así como sobre a calidade das augas.

13.- O 18/01/2016, o Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente solicita informe á Consellería do Mar da Xunta de Galicia sobre o ámbito da Zona de produción de moluscos Bivalvos e outros invertebrados mariños GAL-11/04 e a súa afección ó ámbito do ENIL.

14.- O 30/11/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 160162089), escrito da Delegación Territorial de Vigo da Consellería do Mar remitindo información sobre zonas de produción de moluscos bivalvos nos areais do Vao-Baluarte.

15.- A petición do Servizo Municipal de Medio Ambiente, o xefe de Desenvolvemento Urbanístico da Xerencia de Urbanismo en data do 25/04/2017, aclarado con outro de data 27/10/2017, emite informe urbanístico sobre as observacións formuladas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da CMA en maio 2016, modificacións legislativas en materia urbanística e do planeamento vixente en Vigo e na necesidade de precisar o réxime urbanístico aplicable na actualidade ao ámbito do ENIL, en concreto:

- Réxime urbanístico aplicable ao solo delimitado como ENIL derivado da clasificación do PXOU-93.
- Réxime urbanístico aplicable ao solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (art. 34.2.f) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia -en adiante LSG-)
- Réxime urbanístico aplicable ao espazo delimitado como zona de Dominio Público Marítimo Terrestre e ao Solo Rústico de Protección de Costas (art. 34.2.d) da LSG).

16.- O biólogo D. Francisco Javier García Quinteiro, número de Colexiado 17.124-X, da entidade Novocontorno, S.L., encargada da redacción do proxecto do Plan de Conservación, achega en xuño de 2017, un novo documento íntegro do proxecto do Plan de Conservación do ENIL Complexo duna e areal Vao-Baluarte, que incorpora os complementos esixidos pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia e, tamén, se adapta a normativa urbanística derivada da anulación do PXOM-2008 de Vigo -deixa en vigor o PXOU-93- e nova lexislación urbanística galega -LSG- tendo en consideración o informe de Planeamento Urbanístico da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

As modificación e ampliacións incorporadas no plan foron supervisadas e analizadas de conformidade polos técnicos do servizo municipal de Medio Ambiente .

17 .- En data 27/06/2017, remítese á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMAOT da Xunta de Galicia, un exemplar do proxecto de P.C. do ENIL de xuño de 2017, co obxecto de que persoal técnico do servizo de Conservación de Espazos Naturais da Xunta de Galicia verifique as emendas realizadas por esta administración sobre o contido do devandito documento coa finalidade de someter o Plan emendado a aprobación do órgano municipal competente.

18.- Con data de entrada no Rexistro do Concello do 10/08/2017 (doc. 170112082), a Subdirección xeral de Espazos Naturais da CMAOT da Xunta de Galicia, achega unha serie de suxestións ó documento do proxecto do PC do ENIL cara a restauración dos hábitats dunares que sustentaron a declaración de ENIL.

19.- Coa supervisión do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo, o biólogo D. Francisco Javier García Quinteiro, número de Colexiado 17.124-X, da entidade Novocontorno, S.L., en data 21/08/2017, achega tres copias -en soporte papel e dixital pdf- dun novo documento íntegro do proxecto do Plan de Conservación do ENIL Complexo duna e areal Vao-Baluarte con data de redacción AGOSTO 2017, que incorpora, tamén, as últimas suxestións indicadas pola Subdirección Xeral de Espazos Naturais.

II.- Necesidade do plan de conservación

A Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza (LCN) ten por obxecto establecer as normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e a axeitada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, a difusión dos seus valores, así como a súa preservación para xeracións futuras.

Dita lei define como espazos naturais protexidos aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales.

A figura do Espazo natural de interese local, (ENIL no sucesivo) é unha das categorías nas que se clasifican os espazos naturais protexidos.

O artigo 17 da LCN determina que, por petición do Concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá declarar como ENIL aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

A regulación dos espazos naturais de interese local foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do ENIL e a figura do Espazo privado de interese natural.

O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería con competencia na materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un ENIL por un prazo non superior a 2 anos, debendo de presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do ENIL, o plan de conservación do espazo.

O Concello de Vigo en virtude da necesidade de elevar o grao de protección que garanta a correcta evolución e preservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte propuxo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e *Infraestruturas* a súa declaración como ENIL.

Tras a avaliación da memoria do espazo e logo dos informes preceptivos, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou Resolución de 17 de outubro de 2012, pola que sometía a información pública a proposta de declaración de Espazo de interese local a zona denominada Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 210, do luns, 5/11/2012).

Logo do período de información pública e trala avaliación polos servizos técnicos correspondentes, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a Orde de 26 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como Espazo natural de interese local ao Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 165 do venres 30/08/2013); debendo o Concello de Vigo presentar o documento de plan de conservación no prazo legalmente previsto.

III.- Análise do contido do Plan de Conservación

O artigo 37 da citada Lei 9/2001, do 21 de agosto, e o artigo 8 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, que a desenvolve, sinalan que os plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a

conservación do espazo. E os artigos 38 e 6, respectivamente, de ditas normas, establecen como contido mínimo dos plans de conservación:

- 1) A delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser descontinuo cando resulte necesario.
- 2) A identificación dos valores que hai que protexer e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.
- 3) As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.
- 4) As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

III.1.- Delimitación do ámbito de protección:

O plan de conservación recolle no seu artigo 3 o ámbito territorial do Plan de conservación, coincidente coa declaración provisional do ENIL pola citada Orde do 26 de agosto de 2013.

O espazo conta cunha lonxitude lineal ao carón da beira do mar de 780 metros, comprendendo os areas do Vao, Baluarte.

Conta cunha superficie total de 114.024 m². Distribuídos como segue:

ZONA DE PROTECCIÓN – 14.975 m²

ZONA DE AMORTECEMENTO - 25.388 m²

ZONA DE USO MODERADO - 64.761 m²

ZONA DE USO XERAL – 8.900 m².

O plan incorpora os planos onde se reflicte a delimitación do seu ámbito.

III.2.- A identificación dos valores que hai que protexer e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.

O título II do Plan (artigos 7 a 9) identifica os valores que hai que protexer no ENIL e que motivaron a súa declaración e identifica os posibles riscos que poden afectar a estes, para despois propoñer as concretas medias de xestión, conservación e ordenación de usos.

Neste sentido sinala como valores a protexer: os habitas dunares, cantil con vexetación das costas atlánticas e bálticas, describíndose no Plan a vexetación e fauna existentes no espazo dunar.

Os citados habitas existentes no ENIL están incluídos no anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade como “hábitas naturais de interese comunitario cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación”.

Teñen presenza, tamén, no ENIL 25 especies de aves, 1 mamífero (*Pipistrellus pipistrellus*, Morcego común) e 1 molusco (*Nucella lapillus*, Corniño) incluídos no Rd 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do listado de especies silvestres de protección especial e do catálogo español de especiais ameazadas.

Tamén, está presente no ENIL 1 ave (*Phalacrocorax aristolis*, Cormorán cristado) catalogada como especie vulnerable no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas.

O anexo II do Plan de Conservación relaciona a totalidade de especies detectadas con presentes no ENIL, estean catalogadas ou non nas normas citadas. Así resultan as seguintes:

-129 clases de flora, 5 clases de briófitos (musgos,...), 7 clases de algas, 4 clases de fungos, 6 clases de liques.

-1 reptil, 45 clases de aves, 2 mamíferos, 29 clases de invertebrados.

O artigo 7.2. sinala os posibles riscos que poden afectar os valores naturais en relación cos recursos edáficos, flora e fungos, fauna, recursos hídricos e recursos paisaxísticos.

III.3.- As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.

O título III do Plan de conservación (artigos 10 a 17) recolle as medidas de xestión para a conservación do espazo. Establécense directrices xerais e específicas de xestión e conservación do espazo, indicando uns obxectivos, en relación cos recursos naturais: edáficos e xeolóxicos, hidrolóxicos, flora fauna e fungos, paisaxísticos; co uso público; coas infraestruturas, equipamentos e instalacións, coas actividades científicas; coas actividades educativas e divulgativas, e establece unhas liñas xerais de traballo.

O título IV do Plan (artigo 18) establece o desenvolvemento da xestión do espazo en función das directrices establecidas. Así, establece actuacións en relación coas especies exóticas invasoras, alóctonas, autóctonas, limpeza do espazo, peche da zona de protección completa, mobiliario para uso público, hábitas presentes no espazo, estudos sobre flora, fauna e fungos, depósito de algas, uso público e conservación de valores, difusión de valores do espazo, documentación de actividades.

III.4.- As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

O título V (artigos 19 e 20) establece unha zonificación do espazo regulando os seus usos. Neste sentido, zonifica o espazo en catro zonas determinadas: zona de protección, zona de amortecemento, zona de uso moderado, zona de uso xeral..

Nas distintas zonas establécense os usos permitidos, autorizables e non permitidos tendo en consideración a lexislación sectorial de aplicación e os valores a protexer no espazo. Neste sentido, existe unha zona de máxima protección -zona de protección- que se corresponde coa zona dunar que está balada e merece a máxima protección; zona de amortecemento na que se restrinxen determinados usos pola súa proximidade ó espazo dunar; zona de uso moderado que corresponde propiamente ó areal para disfrute do uso libre dos cidadáns sen menoscabar os valores naturais e a zona de uso xeral na que se sitúan aqueles equipamentos e infraestruturas que dan servizo o uso público da praia.

O Título VI do plan (artigos 21 a 23) recolle o cumprimento da normativa sectorial de aplicación no ámbito así como o réxime de infracción e sancións por remisión á citada normativa.

III.5.- Respecto dos informes dos servizos técnicos e xurídicos do Departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Incorpóranse ó plan as determinacións urbanísticas e territoriais indicadas nos informes do Departamento Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en relación co PXOU-93, Plan de Ordenación Territorial, Lexislación urbanística do solo, Patrimonio

O ámbito do ENIL sitúase en solo de Dominio Público Marítimo Terrestre polo que lle resulta de especial aplicación o establecido na lexislación urbanística para este tipo de solo e, tamén, da lexislación de costas. O PXOU-93 Vigo -non adaptado a vixente LSG- cualifica o solo como Sistema Xeral de Espazos e Zonas verdes, con ordenación remitida a un Plan Especial de Mellora Ambiente do Vao, ordenanza de referencia 3.1.A. de Zonas Verdes e Libres (o PXOM-2008 anulado clasificaba o solo como Rústico de Protección Especial de Costas (SRPC) e unha parte, ademais, no sistema xeral de espazos libres e zonas verdes denominado Xunqueira do Bao-Hermida, dentro do ámbito do Plan especial de rexeneración e acondicionamento da Xunqueira do Vao e o areal).

En consecuencia, tanto o PXOU-93 como o PXOU-2008 (anulado), establecían a necesidade dun Plan de desenvolvemento dos valores ambientais da zona, o que haberá que incorporar, no se caso, as medidas deste plan de conservación.

O artigo 4.3. do Plan sinala expresamente que a declaración do ENIL non implica a cesión das facultades demaniais da administración do Estado e o plan axústase ás determinacións da lexislación sectorial de costas preservando os valores naturais do espazo polo que se declara ENIL.

Os artigos 21 e 22 do Plan de conservación establecen, en todo caso, a necesidade de cumprir coa normativa sectorial de aplicación e que non se autorizará ningún uso pola Administración municipal sen que, previamente, se dispoña das correspondentes autorizacións/concesións esixidas pola lexislación sectorial de costas, patrimonio histórico ou calquera outra que resulte de aplicación, polo que non se menoscaba ningún competencia doutra administración pública.

III.6.- Respecto ó informe dos Servizo municipal de Limpeza.

Tívoise en consideración o informado por este servizo referido á limpeza da zona de uso moderado no período estival procurando unha maior grao de limpeza do espazo neste período para compatibilizar o uso público do espazo sen menoscabar os valores a protexer.

III.7.- Respecto dos informes dos Servizos municipais de Parques e Xardíns e Patrimonio Histórico.

Non formularon ningún observación ó contido do Plan de conservación, indicando que non se observa ningún incompatibilidade no seu contido respecto as competencias dos referidos departamentos.

III.8.- Respecto dos aspectos completados no Plan en cumprimento do escrito da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da CMAOT da Xunta de Galicia de data 19/05/2016 (doc. 160066812) e 07/08/2017 (doc. 170112082).

Segundo as consideracións realizadas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, procedeuse a emendar ou completar o Proxecto do Plan de Conservación nos seguintes que de seguido se resumen:

a) Aproveitamentos marisqueiros.

Segundo consta no informe emitido pola Xefatura territorial da Consellería do Mar en data 25.11.16 (Anexo III do Proxecto do Plan de Conservación), «aínda que na actualidade non hai ningún plan activado na zona que abrangue o ENIL, non se pode descartar unha posible extracción futura dalgún recurso que poida recuperarse ou xurdir de novo, que sexa susceptible de explotación, nos plans de explotación de: MARISQUEO A PÉ, POLIQUETOS,...da Confraría de Vigo; o ámbito desta confraría no referente a estes plans é “Bancos intermareais entre o puntal da Serra e praia de Arealonga” quedando incluídos nel os areas de O Vao e Baluarte».

De acordo có anteriormente exposto, e de conformidade có establecido no art. 46 do Plan de Ordenación do Litoral (POL) aprobado por Decreto 20/2011 da Xunta de Galicia, en relación có disposto no art. 54 (Protección costeira) do mesmo texto legal, recollese no Proxecto de Plan de conservación, como usos autorizables na zona de USO MODERADO (art. 20.3.3), «As actividades marisqueiras nos termos que autorice a consellería competente na materia».

b) Normativa urbanística de aplicación e usos do solo.

Contemplase a normativa urbanística de aplicación (art. 4.2). Asemade, procedeuse a incorporar nun único documento integrado e para as diferentes zonas do ámbito (zona de uso xeral, zona de de uso moderado, zona de amortecemento e zona de protección), os usos do solo contemplados para o solo rústico de protección de espazos naturais e solo rústico de protección de costas (art. 35 e ss da Lei 2/2016. de 10 de febreiro, do solo de Galicia), os usos determinados polo POL (art. 46, en relación có disposto no art. 54 (Protección costeira)), así como as previsións contidas na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

c) Medidas específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares.

Recóllense as devanditas medidas relativas aos seguintes ámbitos:

- Directrices específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares en relación cos recursos naturais (art. 12).
- Directrices específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares en relación ao uso público (art.13).
- Directrices específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares en relación ás infraestruturas, equipamentos e instalacións (art. 14).
- Directrices específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares para as actividades científicas (art. 15).
- Directrices específicas orientadas á conservación e restauración dos hábitats dunares para as actividades educativas ou de divulgación (art. 16).

III.9.- Xestión do espazo

O Concello de Vigo, a través dos distintos servizos con competencias no ámbito (Parques e Xardíns, Limpeza, Electromecánicos, Medio Ambiente, Urbanismo...), xa veñen xestionando o espazo atendendo a preservación dos valores naturais presentes neste, sendo a aprobación do plan e, por tanto, coa atribución o seu contido de valor normativo, o documento que garanta a máxima protección deste espazo.

Neste sentido, ó Servizo de Medio Ambiente xa dispón de distintas partidas orzamentarias 1721.210.00000 Reparación e conservación de bens naturais; 1721.210.00001 Materiais

varios para reparacións e mantemento de bens naturais, 1721.227.9900 estudos previos e proxectos, ademais de persoal de brigada medioambiental, que permiten afrontar, como xa se está facendo, as medidas de conservación previstas no plan como xa se está facendo en realidade.

IV.- Análise xurídico

Tal e como se sinalou con anterioridade, a Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza (LCN) establece no seu artigo 17 que, por petición do Concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá declarar como ENIL aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

O Decreto 124/2005, do 6 de maio, que desenvolve aquela lei no que se refire á figura do ENIL e a figura do Espazo privado de interese natural, sinala no seu artigo 4 a posibilidade que ten a consellería con competencia na materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un ENIL por un prazo non superior a 2 anos, debendo de presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do ENIL, o plan de conservación do espazo.

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a Orde de 26 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como Espazo natural de interese local ao Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 165 do venres 30/08/2013); debendo o Concello de Vigo, por tanto, presentar o documento do plan de conservación.

O contido do Plan de conservación do ENIL axústase ó establecido nos artigos 37, 38 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, e ós artigos 6 e 8 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, que a desenvolve e ao establecido na Orde do 26 de agosto de 2013 da CMATI de declaración provisional do ENIL.

Tivéronse en conta os diversos informes dos técnicos municipais dos distintos servizos e do Servizo Autonómico de Protección da Natureza cara o cumprimento da normativa urbanística, POL, patrimonio cultural e actividades de mantemento e limpeza que se realizan polos distintos servizos no ámbito.

As determinacións do Plan acomódanse as normativas sectoriais de aplicación como sinala neste informe en, especial, do disposto na lexislación urbanística, de costas, do patrimonio cultural e de protección da natureza.

O interese público municipal na declaración do ENIL ven motivada pola necesidade de protección dos valores naturais, presenza de hábitats de interese natural e de especies asociadas a este. A actuación municipal en canto a promotor do ENIL atopa o seu amparo competencial, ademais de que podería terse incardinado no 25.2.b) "Medio Ambiente Urbano" da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local xa que o ámbito do dominio público marítimo terrestre no que se sitúa o ENIL limita con zonas eminentemente urbanas; directamente no artigo 17 da Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza que faculta ós concellos a pedir a declaración de ENIL así como a responsabilidade e competencia na xestión deste espazo.

Neste sentido, cómpre indicar que, aínda que a competencia municipal non se considere incardinada no actual artigo 25.2.b) da LRBRL, non supón que queden sen efecto as

atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, o artigo 17 da Lei galega 9/2001, de 21 de agosto) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma.

En todo caso, a obriga municipal respecto do Plan de conservación do ENIL e a súa redacción e aprobación como “proxecto do plan” é a súa presentación perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: Dirección Xeral de Conservación da Natureza (artigo 4º do D. 124/2005, do 6 de maio), correspondendo á dita consellería a súa tramitación, información pública e obtención dos informes que sexan preceptivos para a súa aprobación conforme a lexislación sectorial de aplicación para a súa posterior elevación ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto (artigo 40 da LCN).

A declaración definitiva do ENIL Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto efectuarase por Orde da CMATI (artigo 4º.1. do D. 124/2005, do 6 de maio).

O Plan de Conservación, cuxas normas prevalecerán sobre as contidas no planeamento urbanístico, segundo determina o artigo 39 da lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza,

Competencia municipal para a aprobación do documento:

A atribución competencial dos distintos órganos municipais está establecida na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O documento redactado por esta administración municipal do “Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local Complexo Duna e Areal de Vao-Baluarto” no Concello de Vigo ten o valor de “proxecto”, cuxa tramitación como proxecto de norma corresponde efectuar á Xunta de Galicia a través do procedemento legalmente previsto para a súa culminación como Decreto do Consello da Xunta.

Os municipios de gran poboación, como é caso de Vigo, suxeitan á distribución competencial dos seus órganos ó previsto no “Titulo X Réxime de organización dos municipios de gran poboación” da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL, estando atribuída a aprobación de “proxectos con valor normativo” á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido no artigo 127 da citada Lei.

Polo exposto, é competente para aprobar o proxecto a Xunta de Goberno Local ó abeiro do establecido no citado artigo 127 da LRBRL.

A maior abundamento, cómpre sinalar, tamén, que o artigo 124.4.ñ). da citada LRBRL atribúe como funcións do alcalde “as demais que lle atribúan expresamente a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio ou que non se atribúan a outros órganos municipais”, tendo delegado na Xunta de Goberno Local por resolución do 19/05/2015 (BOP 14/07/2015), aprobado de calquera plan, programa, proxecto cuxa competencia lle estivera atribuída. No caso que nos ocupa, a normativa autonómica reguladora da figura do ENIL -L 9/2001, de 21 de agosto; D. 124/2005, do 6 de maio- non determinar o concreto órgano municipal que debe aprobar o proxecto do Plan de Conservación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o “Proxecto do Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto do Concello de Vigo”, redactado polo biólogo da entidade Novocontorno,SL, Francisco Javier García Quinteiro, número de Colexiado 17.124-X, na súa última redacción de agosto de 2017, que incorporada as emendas indicadas pola Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Aprobar o compromiso formal de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivaron a declaración do ENIL que se concretan no citado plan de conservación.

Terceiro.- Remitilo referido “Proxecto de Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto do Concello de Vigo”, na súa redacción de agosto de 2017, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Xunta de Galicia: Dirección xeral de Conservación da Natureza en cumprimento do establecido no artigo 2 da Orde da dita consellería de data 26 de agosto de 2013, pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto no concello de Vigo; solicitando teña por subsanadas as observacións no seu día formuladas, a súa tramitación e aprobación por Decreto da Xunta de Galicia así como a declaración definitiva do dito ENIL.

Cuarto.- Remitir o presente acordo e o “Proxecto do Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto do Concello de Vigo”, na súa última redacción de agosto de 2017, ó Departamento de Planeamento da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo para a súa consideración nos traballos de redacción do novo PXOM.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(2076).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AXUDANTES DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO

ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 30592/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20 de abril de 2017, o Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Area de Fomento, Limpeza e Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios por mor da situación existente no Servizo de Limpeza e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12 de setembro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 20 de outubro de 2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los*

criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147-Axudante de Oficios da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de 20 de abril de 2017, do Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Area de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12 de setembro de 2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei

5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de 20 de abril de 2017, do Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Area de Fomento, Limpeza e Contratación; que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas axudantes de oficios para o Servizo de Limpeza, supón un gasto de **21.617,62 €**, dos que **7.158,15 €** corresponden ao ano 2017 (dous meses) e **14.459,47 €** ao vindeiro exercicio 2018 (catro meses), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.353,89 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Axudante de Oficios, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. José Juan Quintas Pérez, con DNI **.***.110-B e D. José Manuel Lago Guerra, con DNI **.***.048-B de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 12 de setembro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e

condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como axudantes de oficios á ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de limpeza, que constan no escrito de data 04 de setembro de 2017, do Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.617,62 €**, dos que **7.158,15 €** corresponden ao ano 2017 (**dous meses**) e **14.459,47 €** ao vindeiro exercicio 2018 (**catro meses**), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. José Juan Quintas Pérez, con DNI **.***.110-B** e **D. José Manuel Lago Guerra, con DNI **.***.048-B**, na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 147, axudantes de oficios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2077).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 30685/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12 de setembro de 2017, o Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Area de Fomento, Limpeza e Contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder, entre outros ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun Enxeñeiro/a Industrial e dun Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 22 de setembro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de dun Enxeñeiro/a Industrial e dun Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

Na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo concello de Vigo denominado Vigo Vertical, de data 9 de outubro de 2017, do Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Area de Fomento, Limpeza e Contratación, faise constar que no caso do Enxeñeiro de Camiños, Canais e portos, *non é xa necesario o nomeamento por acumulación de tarefas solicitado.*(expte.- 4957-440)

3.- Con data 25 de outubro de 2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que***

una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 281-Enxeñeiro/a Industrial da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de 12 de setembro de 2017, do Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 22 de setembro de 2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de 12 de setembro de 2017, do Xefe administrativo e de control orzamentario do Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación; que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de un/unha enxeñeiro/a industrial para a Área de Fomento, supón un custo de **21.675,97 €**, dos que 7.177,47 euros corresponden ao ano 2017 (dous meses) e 14.498,50 ao vindeiro exercicio 2018 (catro meses), e ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.098,88 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a Industrial, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a. Cristina Tapias Bouso, con DNI **.***.899-T** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes

para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A citada aceptou expresamente mediante escritos de data 26 de setembro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como enxeñeiro/a industrial á ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Área de Fomento, que constan no escrito de data 12 de setembro de 2017, do Xefe administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro delegado do Área de Fomento, Limpeza e Contratación en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.675,97 €**, dos que **7.177,47 euros** corresponden ao ano 2017 (**dous meses**) e **14.498,50 ao vindeiro exercicio 2018 (catro meses)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. Cristina Tapias Bouso, con DNI **.***.899-T**, na súa condición de seguinte aspirante e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 281-Enxeñeiro/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, o Xefe administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(2080).- PROPOSTA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1. DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO TÉCNICO/A MEDIO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 30693/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 29/05/2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, á vista da solicitude formulada pola Técnica de Normalización Lingüística, conformada pola Concelleira de Normalización Lingüística en data 16/05/2017, ordena a iniciación dun expediente administrativo para a elaboración dunhas bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnico/a de Normalización Lingüística.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 08/06/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Técnico/a medio/a de Normalización Lingüística**, expte. 30072/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº128 en data 05 de xullo de 2017.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 28 de setembro de 2017, formulou a correspondente proposta dos/as opositores/as aptos/as para confeccionar a bolsa de emprego de Técnico/a Medio/a de Normalización Lingüística, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS
3	COBAS MEDÍN	DAVID	-453H	23,3333

12	IGLESIAS RODRÍGUEZ	LAURA	-519R	23,1041
18	SUÁREZ RECOUSO	ESTELA	-645K	19,5833
10	GARCÍA REY	EVA MARÍA	-252K	17,5833

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a medio/a de Normalización Lingüística, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnico/a medio/a de Normalización Lingüística, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 28 de setembro de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS
3	COBAS MEDÍN	DAVID	-453H	23,3333
12	IGLESIAS RODRÍGUEZ	LAURA	-519R	23,1041
18	SUÁREZ RECOUSO	ESTELA	-645K	19,5833
10	GARCÍA REY	EVA MARÍA	-252K	17,5833

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(2081).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO “CIDADE DE VIGO” 2017. EXPTE. 1440/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/10/17 e o informe de fiscalización do 3/11/17, dáse conta do informe-proposta do 26/10/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 16 de outubro pasado, a Asociación Galega de Instrumentos de Corda presenta escrito de solicitude de subvención para o Concurso de Violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”; por este motivo, con data 17 de outubro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”, como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requerido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo” realizarase os días 1, 2 e 3 de decembro no Auditorio “Martín Codax” do Conservatorio Superior de Música; previamente celebraranse dous concertos cos gañadores da edición anterior: o 17 de novembro no Teatro Afundación e o 23 de novembro no Auditorio “Mar de Vigo”.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.272 € (vinte mil douscentos setenta e dous euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 € (39,46 %)
- Cotas participación: 2.340 € (11,54 %)
- Patrocinio Ibercisa: 3.000 € (14,80 %)
- Patrocinio Mepronor: 3.000 € (14,80 %)
- Aportación da entidade: 3.932 € (19,40 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF da presidenta

- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade da presidenta
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO “CIDADE DE VIGO”, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, para a organización do Concurso de violín, viola e violonche-lo “Cidade de Vigo”, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- ao interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- ao tratarse dunha entidade singular na cidade vinculada a un sector musical específico, o da música de corda, que promove o descubrimento de novos talentos.
- á singularidade da actividade proposta (Concurso de violín, viola e violonchelo), cunha alta participación da cidadanía e cun ámbito de influencia que abarca toda a Península Ibérica.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar a organización do Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo" con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

CCoa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, CIF. G27761196, para o financiamento do Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO "CIDADE DE VIGO" 2017

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D^a. Elizabeth Ann Taylor, na súa condición de presidenta da ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA (CIF: G27761196) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en rúa Puerto Rico, 18-20, oficiña 2, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”, como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requerido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA**, concretamente no **CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO “CIDADE DE VIGO”**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da **ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA**, coa cantidade de 8.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO “CIDADE DE VIGO”, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.272 € (vinte mil douscentos setenta e dous euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 8.000 € (39,46 %)
- Cotas participación: 2.340 € (11,54 %)
- Patrocinio Ibercisa: 3.000 € (14,80 %)
- Patrocinio Mepronor: 3.000 € (14,80 %)
- Aportación da entidade: 3.932 € (19,40 %)

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

O Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo” realizarase os días 1, 2 e 3 de decembro no Auditorio “Martín Codax” do Conservatorio Superior de Música; previamente celebraranse dous concertos cos gañadores da edición anterior: o 17 de novembro no Teatro Afundación e o 23 de novembro no Auditorio “Mar de Vigo”.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Roberto Alonso Ucha, tesoureiro da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

-Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou can

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO "CIDADE DE VIGO" 2017

celacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

-A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 4 de decembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación

administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO Iº ORZAMENTO *CONCURSO DE VIOLÍN, VIOLA E VIOLONCHELO "CIDADE DE VIGO"*

1.- GASTOS:

Hoteis	2.070 €
Transportes xurado	250 €
Dietas xurado	1.100 €
Difusión	2.275 €
Deseño cartel	800 €
Transportes orquestra	300 €
Gravación e edición do concerto	1.100 €
Gastos seguridade concertos	400 €
Seguro RC	75 €
Afinación piano	400 €
Premios	5.850 €

Aluguer conservatorio	800 €
Aluguer teatro	1.452 €
Gastos Orquestra Braga	3.400 €
TOTAL GASTOS	20.272 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	8.000 €
Cotas participación	2.340 €
Patrocinio Ibercisa	3.000 €
Patrocinio Mepronor	3.000 €
Aportación da entidade	3.932 €
TOTAL INGRESOS	20.272 €

17(2082).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2017. EXPTE. 1399/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/10/17 e o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 25/10/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 11 de setembro pasado, a asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 20 de setembro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do *Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017*, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa *Festival Internacional de creación musical contemporánea*, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

PROGRAMA:

Domingo 1 de outubro, 18:30 h

THE FLICKERING SOUND OF THE SIGNIFIER. Vertixe Sonora
Verbum

Xoves 26 de outubro, 20:30 h

HAPTICS. Roberto Alonso e Tychonas Michailidis
MARCO

Venres 3 de novembro, 19:30 h

FOGHORN Defunensemble
MARCO

Sábado 11 de novembro, 20:30 h

TONIC Aleph Gitarrenquartett
MARCO

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

* **AGUZAR O OÍDO IV.** Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO

* **MÚSICAPORDENTRO2017.** Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 34.387,12 € (trinta e catro mil trescentos oitenta e sete euros con doce céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (20,35%)
- INAEM: 6.000 € (17,45 %)
- UVI-Vicerreitorado de Pontevedra: 5.000 € (14,54 %)
- Berliner Arbeitsstipendien für Neue Musik 2015: 2.000 € (5,82 %)
- Asociación Cultural Vértixe: 14.387,12 € (41,84 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade

- Certificado exención de iva
- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do *Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017*.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, para a organización e realización do *Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017*, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE ten como obxecto financiar a organización do *Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017* e figura na partida 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, CIF. G27751296, para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 “CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2017.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2017.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP

36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de promover a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa *Festival Internacional de creación musical contemporánea* durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de

34.387,12 € (trinta e catro mil trescentos oitenta e sete euros con doce céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (20,35%)
- INAEM: 6.000 € (17,45 %)
- UVI-Vicerreitorado de Pontevedra: 5.000 € (14,54 %)
- Berliner Arbeitsstipendien für Neue Musik 2015: 2.000 € (5,82 %)
- Asociación Cultural Vértixe: 14.387,12 € (41,84 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Domingo 1 de outubro, 18:30 h

THE FLICKERING SOUND OF THE SIGNIFIER. Vertixe Sonora
Verbum

Xoves 26 de outubro, 20:30 h

HAPTICS. Roberto Alonso e Tychonas Michailidis
MARCO

Venres 3 de novembro, 19:30 h

FOGHORN Defunensemble
MARCO

Sábado 11 de novembro, 20:30 h

TONIC Aleph Gitarrenquartett
MARCO

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

* **AGUZAR O OÍDO IV.** Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO

* **MÚSICAPORDENTRO2017.** Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

-Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

-A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os

custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de

2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I ORZAMENTO DO PROGRAMA

GASTOS	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
Administración	1.001,42 €
Promoción e Publicidade	2.420,00 €
Produción	13.009,70 €
Caches	17.956,00 €
TOTAL GASTOS	34.387,12 €
INGRESOS	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
CONCELLO DE VIGO	7.000,00 €
UVI-VICERREITORADO PONTEVEDRA	5.000,00 €
INAEM	6.000,00 €
BERLINER	2.000,00 €
ASOCIACIÓN VÉRTIXE	14.387,12 €
TOTAL INGRESOS	34.387,12 €

“FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2017”

18(2083).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA FÁTIMA”. EXPTE. 4921/440.

Visto o informe xurídico do 17/10/17, e o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito exprotraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.66 “Humanización Rúa Fátima” con un importe de 225.000 euros

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 05/05/2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Diego Conde Rodríguez.

3º.- En data 14.09.2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto redactado polo Enxeñeiro técnico de obras públicas e Enxeñeiro Civil D. Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (225.000€) de data xullo 2017, contido no expediente 3.551/443, que se achega ao expediente administrativo de contratación.

3º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente 3551/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 05.10.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

4º.- Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 26.09.2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 14.09.2017 correspondese co expediente administrativo 3.551/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro técnico de obras públicas e enxeñeiro civil D. Diego Conde Rodríguez.

- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 26.09.2017
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 26.09.2017
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 27.09.2017
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 04.10.2017.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 17.10.2017

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA FÁTIMA”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS VINTE CINCO MIL EUROS (225.000,00€), sendo o importe correspondente ao IVE de 39.049,59 €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2017 da partida orzamentaria 1532.619.00.66 “Humanización Rúa Fátima”

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(2084).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I”. EXPTE. 4887/440.

Visto o informe xurídico do 17/10/17, e o informe de fiscalización do 30/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito extraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.62 “*H. Rúa Colombia, pza. Isabel Cat. E C. Piñeiro*” con un importe de 483.360,26 euros

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08.08.2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de E.F. Ingenieros.

3º.- En data 03.08.2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (483.360,26€) de data

decembro 2016, contido no expediente 3489/443, que se achega ao expediente administrativo de contratación.

4º.- Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 18.09.2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 03.08.2017 correspondese co expediente administrativo 3489/443, que incluí o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 17.09.2017.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 18.09.2017.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 19.09.2017
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 04.10.2017.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 17.10.2017

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustificase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA COLOMBIA. FASE I”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (483.360,26€), sendo o importe correspondente ao IVE de 83.888,97 euros €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2017 da partida orzamentaria 1532.619.00.62 “*H. Rúa Colombia, pza. Isabel Cat. E C. Piñeiro*”

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(2085).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS”. EXPTE. 4925/440.

Visto o informe xurídico do 17/10/17, e o informe de fiscalización do 31/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orçamentaria nº 41/2007, crédito extraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orçamentaria 1532.619.00.60 *"HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS"* por un importe de 194.609,70 euros.

2º.- Para levar a cabo esta actuación por resolución do Concelleiro Delegado de Fomento, autorizouse o gasto e a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Tecnical, S.L.

3º.- O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Técnico Industrial, D. José Manuel Fouces Díaz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CENTO NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (194.609,70) e data xullo de 2017

4º. En data 27.09.2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto básico e de execución de *"HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS"*, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Técnico Industrial, D. José Manuel Fouces Díaz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CENTO NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (194.609,70) e data xullo de 2017, contido no expediente 3513/443, que se achega ao presente expediente de contratación.

4º.- Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 18.09.2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 03.08.2017 correspondese co expediente administrativo 3513/443, que inclúe o Prego de Prescripcóns Técnicas, redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Industrial D. José Manuel Fouces Díaz.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 17.09.2017.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 18.09.2017.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 19.09.2017

- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 04.10.2017.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 17.10.2017

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de *“HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS”*

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 09.10.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de CENTO NOVENTA E CATRO MIL SEISXENTOS NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (194.609,70€), sendo o importe correspondente ao IVE de 33.775,24 euros €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2017 da partida orzamentaria 1532.619.00.60 *"Humanización da Rúa María Berdiales, entre Gran Vía e Hernán Cortés"*

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(2086).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍNDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN. EXPTE. 12659/445.

Visto o informe xurídico do 24/10/17, e o informe de fiscalización do 26/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No proceso de tramitación do expediente por parte da Intervención Xeral foron detectados uns erros nos apartados 4D (data de inicio do contrato) e 6A (clasificación alternativa), polo cal procedeuse a redacción dun novo prego de cláusulas administrativas particulares co único obxecto de corrixir os citados erros. O novo PCAP correspondese co asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 20 de outubro de 2017, e por parte da Asesoría Xurídica emite informe sobre a conformidade co dito prego en data de 24 de outubro de 2017.

Polo exposto procede a emisión dun novo informe proposta para a aprobación do presente expediente de acordo cos seguintes datos:

I.- Antecedentes:

1.- O Parque Móbil Municipal xestiona e mantén a flota de vehículos municipais con un total de 240 unidades, incluíndo turismos, furgóns, máquinas, motocicletas, camións, etc. Ao longo do ano estes vehículos sofren avarías e outros danos para o cal precisan reparación e mantemento axeitado.

No Parque Móbil Municipal dispoñemos dun pequeno taller mecánico dotado dos medios necesario para facer pequenas reparacións ou traballos de mantemento de carácter rutinario e non excesivamente complexos.

Para o resto de reparacións onde se necesite maquinaria específica, cualificación especial de marca, talleres de dimensións axeitadas, etc., é necesario desenvolver estas necesidades a través dos servizos de talleres profesionais en cada un dos tipos de vehículos que temos neste Parque Móbil, e que poidan solucionar coa dilixencia que se precise as incidencias que vaian acaecendo día a día.

Por outra banda, todas as reparacións, tanto as realizadas no Parque Móbil Municipal como as que se realizarían noutros talleres, requiren o subministro das pezas e repostos necesarios en cada caso, polo cal os traballos de reparación conleva a inclusión dos subministro das pezas ou elementos necesarios. Así mesmo en relación a este contrato entendese necesario incluír tamén o subministro de pezas ou elementos necesarios para a execución das tarefas realizadas directamente no servizos propios do taller do Parque Móbil Municipal

2.- Para o desenvolvemento adecuado dos servizos de traballos de reparación e subministro de repostos da flota de vehículos municipais, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 11 de agosto de 2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación

3.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade para a contratación do subministro, asinado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario de 10 de marzo de 2017.
- b) Decreto do Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación de data 11 de agosto de 2017, para o inicio do procedemento de contratación.
- c) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP do contrato de subministro asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Investimentos, e coa conformidade do Concelleiro delegado de Fomento en data 22 de agosto de 2017.
- d) Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe da unidade de mantemento de vías e o xefe da área de investimentos, co anexo do listado de vehículos, asinado con data 14 de setembro de 2017.
- e) Informe emitido pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data 18 de setembro de 2017 e de data 20 de outubro sobre o contido do PCAP.
- f) Prego de cláusulas administrativas asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 20 de outubro de 2017.
- g) Informe favorable da Asesoría Xurídica asinado pola xefa de asesoramento e a titular da Asesoría Xurídica en data 5 de outubro de 2017, e informe de data 24/10/2017, de conformidade co PCAP de data 20/10/2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O contrato, polo seu obxecto, é un contrato mixto (art.12 do TRLCSP) de servizos e de subministro, por ter como obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou un subministro (artigo 10 TRLCSP) e de adquisición de produtos (art.9 do TRLCSP); tendo mais importancia económica a prestación de servizos, segundo se recolle

na memoria xustificativa do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o Xefe de Area de Inversións da Concellería de Fomento e o Concelleiro Delegado de Fomento asinada o 18/19/21/22 de agosto de 2017.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, no cal se establecen debidamente xustificadas a división en lotes como esixe o artigo 86.3 do TRLCSP, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola disposición adicional segunda, apartado 7 e 8 TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a intervención municipal.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria por LOTES, do servizo de reparacións da flota de vehículos municipal do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparación.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da unidade de mantemento de viais e o xefe da área de investimentos, co anexo do listado de vehículos, e asinado con data 14 de setembro de 2017.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 20 de outubro de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de 640.000,00 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 111.074,38 €, polo que prezo sen IVE é de 528.925,62 €, de acordo cos seguintes importes por cada un dos lotes:

	con IVE	sen IVE	IVE
Lote nº1: Turismos e furgonetas	240.000,00 €	198.347,11 €	41.652,89 €

Lote nº2: Camións, buses e maquinaria	280.000,00 €	231.404,96 €	48.595,04 €
Lote nº3: Motocicletas	120.000,00 €	99.173,55 €	20.826,45 €
	640.000,00 €	528.925,62 €	111.074,38 €

De acordo co carácter plurianual do contrato, para a súa financiación serán de aplicación os seguintes créditos e aplicacións orzamentarias:

	Orzamento	2018	2019	2020	Total
Lote nº1: Turismos e furgonetas	9202.221.11.00	66.000,00 €	80.000,00 €	14.000,00 €	160.000,00 €
	9202.214.00.00	34.000,00 €	40.000,00 €	6.000,00 €	80.000,00 €
		100.000,00 €	120.000,00 €	20.000,00 €	240.000,00 €
Lote nº2: Camión, buses e maquinaria	9202.221.11.00	21.000,00 €	25.000,00 €	4.000,00 €	50.000,00 €
	9202.214.00.00	95.000,00 €	115.000,00 €	20.000,00 €	230.000,00 €
		116.000,00 €	140.000,00 €	24.000,00 €	280.000,00 €
Lote nº3: Motocicletas	9202.221.11.00	4.000,00 €	5.000,00 €	1.000,00 €	10.000,00 €
	9202.214.00.00	46.000,00 €	55.000,00 €	9.000,00 €	110.000,00 €
		50.000,00 €	60.000,00 €	10.000,00 €	120.000,00 €
	9202.221.11.00	91.000,00 €	110.000,00 €	19.000,00 €	220.000,00 €
	9202.214.00.00	175.000,00 €	210.000,00 €	35.000,00 €	420.000,00 €
		266.000,00 €	320.000,00 €	54.000,00 €	640.000,00 €

O valor estimado do contrato estipúlase en 1.163.636,36 EUROS

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(2087).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez